

OBRADOIRO DE ESCRITA

RECOLLEITA DE PALABRAS CEIP A SANGRIÑA



Introdución

O *Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)* do CEIP A Sangriña leva varios anos traballando na pescuda e análise de termos da contorna, tendo en conta que son parte da riqueza lingüística de Galicia.

Os **obxectivos principais** da actividade foron os seguintes:


- Favorecer a recollida de materiais pedagóxicos en soporte papel e dixital.
- Facilitar información que axude a eliminar prexuízos sobre o galego.
- Fomentar o uso do galego oral e escrito nas diferentes actividades.
- Facer consciente o alumnado da riqueza que supón o coñecemento e dominio do galego como vehículo de expresión para lograr un avance progresivo no uso do galego en diferentes actividades e en diferentes ámbitos.
- Apoiar as propostas (certames, concursos...) de entidades, asociacións ou persoas que estean dirixidas á consecución de obxectivos acordes coa normalización lingüística e estudo da cultura de Galicia, en especial, da contorna máis próxima.

Método

A actividade constou de tres fases que se desenvolveron durante tres cursos académicos:

○ Fase 1 (2017/2018):

Desenvolveuse unha indagación sobre termos propios da contorna que estaban en desuso ou que xa non se empregaban. Para iso, contouse coa colaboración da comunidade educativa (alumnado, familias, mestras e mestres). As achegas desta foron múltiples e permitiron elaborar unha listaxe.



○ Fase 2 (2018/2019):

Efectuouse o obradoiro de escrita "*Recolleita de palabras*". Neste participaron 24 nenos/as de diferentes idades, os cales crearon textos sinxelos empregando termos da listaxe peneirada previamente polo EDLG.






Os produtos resultantes ilustráronse e expuxéronse no centro.

○ Fase 3 (2019/2020):

As parellas participantes colaboraron na gravación e difusión do resultado final. Poden visualizar o resultado na páxina web do CEIP A Sangriña.

Resultados

A continuación poden observar cada unha das creacións realizadas polos nenos e nenas participantes:



Conclusións

O EDLG do CEIP A Sangriña está moi satisfeito co proceso e resultados obtidos, xa que o alumnado evidenciou un grande entusiasmo á hora de participar en cada unha das fases da actividade formulada, desenvolvendo a súa creatividade en cada unha delas.

Ao mesmo tempo, permitiu que as nenas e nenos progresasen na adquisición das competencias clave, pois o proxecto presenta unha relación directa coa CCL, CAA, CSIEE, CCEC e CSC.

